

AUTOCORRECCIÓN DO TEMA 6 DE SOCIAIS 3º DE E.P.

1. A que chamamos poboación dun lugar?

O conxunto de persoas que viven agrupadas nunha localidade son os habitantes dun lugar e estes forman o que chamamos poboación.

2. Tipos de localidade que coñeces.

Segundo o seu tamaño, as localidades podémolas dividir en:

Aldeas, localidades pequenas de menos de 50 persoas.

Vilas, localidades medias, máis grandes que as aldeas e máis pequenas que as cidades.

Cidades, localidades grandes.

3. A que chamamos poboación rural? E poboación urbana?

Chamamos **poboación rural** á poboación das **aldeas**.

Chamamos **poboación urbana** á poboación de **vilas e cidades**.

4. Cal é a actividade económica da poboación rural?

A **actividade económica** da poboación rural ten que ver con **actividades relacionadas coa natureza, como a agricultura, a gandería e a pesca**. Algúns dos habitantes das aldeas non traballan as terras, senón que se trasladan diariamente ara traballar ás cidades e vilas próximas.

5. Cal é a actividade económica da poboación urbana?

A **actividade económica** da poboación urbana ten que ver con **actividades relacionadas co sector servizos**, como pode ser o traballo en **oficinas, comercio e transporte**, aínda que hai persoas que traballan en **fábricas**.

6. Explica a diferenza das vivendas da zona rural da zona urbana.

As **vivendas da zona rural** caracterízanse por ser **casa baixas** nas que **vive unha soa familia** e adoitan estar **rodeadas de hortas e campos**. Entre unhas casa e outras hai camiños.

As **vivendas da zona urbana** temos que diferenciar, por unha banda as **vivendas das vilas**, que adoitan a ser **casa baixas e edificios de pouca altura**, por outra banda, as **vivendas das cidades** adoitan ser **edificios con máis de cinco pisos** de altura. Ademáis nas cidades existen moitos tipos de edificios, vivendas, museos, hospitais...

7. Enumera as zonas dunha cidade.

Son: O **centro histórico**, o **ensanche** e a **periferia**.

8. Como se chama a parte histórica dunha cidade? E a parte máis nova?

A **zona máis antiga** dunha cidade chámase **centro histórico**.

A **zona máis nova** e polo tanto máis moderna é **a periferia**.

9. Enumera os grupos de poboación e indica entre que idades se atopan.

A poboación podémola agrupar en:

A poboación nova. (0 - 15 anos).

A poboación adulta. (15 – 65 anos).

A poboación anciá. (+ de 65 anos).

Nota: Este tramo de idades seguramente cambiará en breve ao aumentar a esperanza de vida e aumentar a idade de xubilación.

10. Como pode cambiar a poboación dun lugar. Cita os elementos que interveñen no cambio e explícaos brevemente.

O **número de poboación** dun lugar **non** é **estático**, isto quere dicir que cambia, duns anos para outros. Os factores que van a intervir neste cambio son:

A natalidade: nº de nenos ou nenas que nacen nun ano.

A mortalidade: nº de homes ou mulleres que morren nun ano.

Inmigrantes: nº de homes ou mulleres que chegan a unha localidade para vivir nela nun ano.

Emigrantes: nº de homes ou mulleres que se van dunha localidade para vivir noutra nun ano.

11. Que entendemos por Concello?

O Concello é o conxunto de persoas que gobernan o territorio dun municipio.

12. Quen forman o Concello?

O Concello está formado polo alcalde ou alcaldesa xunto cos concelleiros e concelleiras que axudan na tarefa de goberno.

13. Como se forma o Concello. Breve explicación.

O alcalde e os concelleiros e concelleiras representan os habitantes do municipio. Estes son elixidos nas eleccións municipais cada catro anos.

1º Na campaña electoral, os candidatos que queren ser **concelleiros e concelleiras presentan** o seu **programa electoral** onde explican o que queren facer no municipio.

2º Eleccións municipais, onde os **maiores de 18 anos votan** os candidatos que prefiren como concelleiros e concelleiras.

3º Concelleiros e concelleiras e alcalde ou alcaldesa. Os candidatos e candidatas **máis votados** son **nomeados concelleiros** e concelleiras e eles e elas **elixirán** o candidato para **alcalde ou alcaldesa**.

4ºGoberno municipal, aquí o **alcalde ou alcaldesa elixe** algúns **concelleiros** ou **concelleiras** para asignarlles tarefas concretas de goberno, por exemplo, concelleiro ou concelleira **de deportes, cultura, urbanismo...**

14. Quen forman o Pleno?

O **pleno** está formado polo **alcalde ou alcaldesa** xunto con **todos e todas** os **concelleiros e concelleiras** que forman o goberno **elixidos polos cidadáns** e cidadás.

15. Que son as ordenanzas municipais?

Son **normas de obrigado cumprimento** para todos e todas os cidadáns e cidadás despois de seren aprobadas no pleno municipal.

16. Que fai o goberno municipal?

Aplican os acordos tomados no pleno, isto é, aplicar as distintas ordenanzas municipais.

17. Que son os servizos municipais?

Son os **distintos servizos organizados polo Concello**, para atender ás necesidades dos habitantes do Concello.

18. Enumera tres tipos de servizos municipais que coñezas.

Servizos de saneamento, recollida de lixo, distribución de auga potable...

Servizos culturais e de ocio, organizan actividades deportivas, campamentos de verán, servizo de biblioteca, piscina, polideportivos...

Servizo de protección cidadá, por exemplo, bombeiros, policía local.

19. Se deixas Riotorto para ir a vivir a Alemaña que tipo de movemento de poboación estariades a facer?

Estaría facendo un **movemento de Emigración**, pois deixo o lugar de orixe para ir vivir a outro país.

20. Para que haxa crecemento de poboación que tería que pasar?

Terían que **nacer máis** nenos ou nenas **que mortes** houbera ou tamén **recibir moitos emigrantes** converténdose o **noso pobo** no pobo de **recepción de inmigrantes**, é dicir, recibir a xente que quere vivir na nosa poboación.